

AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



Ricardo Carvalho Calero
1910-1990

17 de maio de 2020

Día das Letras Galegas

Sumario

SUMARIO	03
EDITORIAL	04
AS NOSAS FESTAS	05-12
COLABORACIÓNS	
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4 ANOS	13-16
EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS	17-20
1º DE PRIMARIA	21-22
2º/3º DE PRIMARIA	23-26
4º DE PRIMARIA	27-30
5º DE PRIMARIA	31-32
6º DE PRIMARIA	33-35
AULA DE RELIXIÓN	36-37
ACTIVIDADES CULTURALS	38-40
ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA	41-44
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	45

Editorial

MARZO: O MES QUE CAMBIOU A NOSA ESCOLA

O 12 de marzo pasamos, sen darnos tempo a pensalo, da ensinanza presencial á ensinanza telemática.

Pode que as novas tecnoloxías chegaran para quedar. Sen dúbida, son ferramentas maravillosas coas que pódese aprender moito pero, cos nosos nenos están moi lonxe de substituír as clases presenciais.

Unha clase é moito máis que contidos. Unha clase é un laboratorio de creación, de improvisación controlada no que o contacto e os sentimentos brindan moito máis que unha mera transmisión de coñecementos.

Un docente non pode ser substituído por nada. Non existe ningunha aplicación nin programa informático que poda competir coa sensación de estar fronte a un grupo de alumnos todos os días e ver as súas caras cando aprenderon algo, cando vanse convertindo en autónomos -aínda que sempre guiados- e chegan ao coñecemento por si mesmos.

Iso é o que nos move aos profesores, o procurar unha educación capaz de coidar a intelixencia emocional e a empatía, facer ao alumnado pensar, sentir curiosidade e atraer o seu interese por coñecer máis cousas. Os docentes somos conscientes que iso temos que facelo con libros, con ideas e tamén con tecnoloxía, pero sempre con pausa, con dedicación e con moita paciencia. Por iso, a nosa figura nas aulas faise imprescindible.

Pero iso paralizouse coa alerta sanitaria de marzo. O confinamento chegou de repente e colliunos a todos por sorpresa.

As crises poñen a proba unha capacidade moi importante das persoas e das sociedades: a resiliencia, é dicir, o saír fortalecido das circunstancias adversas. Por suposto que as crises non son desexables nin moito menos boas pero, si algo teñen de positivo, é que axúdannos a estar moito

máis preparados ante problemáticas futuras e tamén a apreciar e valorar moito máis o que tiñamos.

A esencia da educación fai imprescindible a colaboración dos docentes, do alumnado e das familias e iso o comprobamos ao longo deste estado de alerta.

Esperando voltar máis cedo que tarde, á normalidade habitual das aulas, teño que agradecer aos docentes o grande esforzo e a indubidable ampliación do seu horario de traballo diario. Ás familias quero darlles as grazas pola súa imprescindible colaboración e por entender que nos atopabamos nunha situación nova que aos poucos fomos mellorando dosificando mellor as tarefas e implementando métodos máis axeitados. O sistema educativo non estaba preparado para isto e aos docentes non nos quedou outra que buscarnos a vida pero, coa aportación de todos, fomos quen de rematar o curso dun xeito, non ideal, pero sí máis que aceptable.

LETRAS GALEGAS 2020



Ricardo Carvalho Calero (1910-1990) será o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2020.

Nado en Ferrol, trasladouse a Santiago de Compostela onde cursou Dereito e Filosofía e Letras.

Colaborou en numerosas publicacións, como *A Nosa Terra*.

Foi membro da Real Academia Galega desde 1958.

Entre a súa obra poeética destaca su obra poética *Vieiros* (1931), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) o *Pretérito Imperfeito* (1980), y tamén cultobou o teatro e a narrativa.

O director: Rafa Rodríguez Martín


AS NOSSAS FESTAS

FESTA DO OUTONO





Magosto



O Nadal

Festival de Nadal



Día da Paz



Día da Paz e da non violencia



Día do Amor e da Amizade

DÍA DO AMOR E DA AMIZADE



O Entroido


Entroido 2020





CONMEMORACIONES

DÍA DA MULLER



DÍA MUNDIAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Colaboracións

Educación Infantil 3 e 4 anos



A LÚA



ESTAS SON ALGUNHAS DAS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS
NA AULA DE 3 E 4 ANOS NO NOSO PROXECTO DA LÚA:

REPRESENTAMOS A LÚA LIBREMENTE



DISFRAZÁMONOS CUNS CASCOS DA NASA



TRABALLAMOS A LINGUAXE ORAL CO CONTO ENLATADO DA PROFE TERESA: "A QUE SABE A LÚA?"





COÑECEMOS O NOSO PROPIO CORPO FACÉNDONOS CÓXEGAS
CON PLUMAS, COMA NO CONTO: "ONDE PERDEU LÚA A RISA?"



PROBAMOS A FACER CRÁTERES NA PLASTI COA TAPA DO ROTULADOR



REUTILIZAMOS O PAPEL DE ALUMINIO DAS NOSAS MERENDAS
PARA ESTAMPAR A LÚA E O PLANETA TERRA



BUSCAMOS DATOS COA LÚA LUMINOSA DE PAULO, E COA LANTERNA
DA PROFE MONSE: NA BIBLIOSILVA E A ESCURAS!





IDENTIFICAMOS OS NÚMEROS COA SUPERLÚA



EXPRESAMOS A NOSA CREATIVIDADE NAS BOLSAS DO 2º TRIMESTRE



COMPARTIMOS UN PUZZLE E UN MALETÍN DE MARIO



ACHEGÁMONOS Á LINGUAXE ESCRITA MEDIANTE CONTOS





CONSTRUÍMOS FOGUETES VOADORES CON LOLI: A MAMÁ DE JORGE



QUEDOUNOS PENDENTE 1 TALLER CON ADRIANA: A MAMÁ DE MARTÍN

Para facer unha manualidade das fases lunares. Se che apetece podes vela e probar a facela no seguinte enlace: <https://www.pinterest.es/pin/494199759102912486/>

ASTRONAUTAS FAMOSOS

NEIL
ARMSTRONG



VALENTINA
TERESHKOVA



LAIKA



HAM



AO MELLOR AQUÍ TAMÉN ATOPAS ASTRONAUTAS FAMOSOS... QUEN SABE...

MARIO

JAIME

JORGE

PABLO

ENZO

AIMAR



JULIA

NOLAN

ANXO

TELMO

JOEL

ZAIRA

AMAIA

LEO

PAULO



MARTIN



SALMA

PREPARAMOS E DEGUSTAMOS RECEITAS LUNARES

"FOGUETES ESPACIAIS"

"LÚAS DE SABORES"




NOS CÓDIGOS QR
PODES ACCEDER
Á ELABORACIÓN
DAS RECEITAS.



Educación Infantil 5 anos

Proxecto AlimentArte

Os nenos e nenas de infantil centramos este proxecto nas froitas. O eixe motivador foi este cadro: *Habitación para escuchar*, de René Magritte.



- Xogamos aos detectives: o cadro estaba tapado, Ana íanos descubrindo o cadro por anacos, e nós tiñamos que adiviñar que podía ser.
- Fomos dicindo distintos títulos para o cadro, o máis votado foi *A mazá xigante*.
- Fixemos un “torbellino de ideas” sobre por que era a mazá tan grande. Votamos a que máis nos gustou e a partir desta idea inventamos un conto.



RAMÓN FOI COLLER UNHA MAZÁ.



CANDO ÍA PARA A SÚA CASA ATOPOUSE CUN MAGO.



O MAGO DÍXOLLE:

- QUERES QUE FAGA XIGANTE A TÚA MAZÁ?

- SI! - DÍXOLLE RAMÓN.



COMO NON PODÍA CON ELA, FOI BUSCAR UN TRACTOR.



AO SER TAN GRANDE, DECIDIU CELEBRAR UNHA FESTA
E COMELA COS SEUS AMIGOS.

**E COLORÍN, COLORETE,
NESTA FESTA NON HAI FOGUETE!**


Primeiro de Primaria

1º DE PRIMARIA

Este curso foi moi diferente xa que a causa dun bichiño coñecido como Coronavirus tivemos que quedar na casa para poder entre todos e todas destruílo.

Porén, a pesar de non ir á escola estivemos traballando un montón e queremos compartir co resto do cole e familias algunhas das actividades que realizamos neste tempo.

O venres 15 de maio foi o día da familia e para conmemoralo fixemos unha árbore xenealóxica da nosa familia. Foi moi emocionante!



Fixemos debuxos sobre diferentes temas, experimentos e manualidades coa familia e aprendimos moito dun xeito divertido.



E tamén nos acordamos de todas aquelas persoas que estiveron traballando mentres os demais quedabamos na casa. Grazas a tod@s.



Ainda que os verdadeiros heroes e heroínas somos nós, todos os nenos e nenas, que nos quedamos na casa para loitar unidos contra esta pandemia e fomos un exemplo do ben que nos adaptamos a todo aínda que non comprendamos ben o que está pasando.

Imos medrando e seguiremos medrando unidos e aprendendo máis cada día.



Segundo e Terceiro de Primaria

"ALIMENTARTE NA CORENTENA"

Seguindo o fio do proxecto de Biblioteca e coa temática da aula, as verduras e hortalizas, os alumnos de 2º e 3º "plantaron" unha horta durante a súa estadia na casa. Ollade que colleita tan fermosa!





GABRIELA



NOA



PATRICIA



GONZALO



ROI



ROMEO



SIMÓN PENA



DAYAN



XAVI

TRABALLO CON EVA

Este curso estivo na nosa aula Eva, facendo as prácticas de Grao en Mestra de Educación Primaria. Estivemos moi contentos coa súa presenza e coas actividades que nos propuxo. Unha delas foi un debuxo colaborativo.

Consiste en, a través dunha historia, ir facendo un debuxo. Eva contábanos un anaco de historia e cada un de nós debuxaba o que escoitaba. Despois pasabamos o debuxo ao da dereita e debuxabamos outro anaco de historia, e así ata o final, de forma que todos debuxamos a historia completa pero en debuxos diferentes.

Os resultados foron tamén moi diferentes, pero moi divertidos.

Deixámosvos aquí a historia e os debuxos resultantes.

Gracias Eva, ven visitarnos cando queiras!


Martina, a nena que imos debuxar, ten unha cabeza moi grande aínda que un ollo o ten máis aberto ca outro. Ten unha curta e lisa melena de cor escura. Como ten miopía, ten que usar unhas lentes que son ben máis grandes que os seus ollos. O seu nariz é moi pequeno aínda que é moi puntaquedo, semellante ó dun tucán. Pola contra, a súa boca é moi grande e ten os dentes da parte superior da mesma que lle sobresaen do labio inferior.



Hoxe decidiu poñerse unha camiseta de manga curta pero a cadros de cores xa que é un día moi especial porque vaixe de viaxe. Ten uns brazos moi longos pero as súas mans son moi pequenas. Na súa man dereita ten un reloxo de cor azul pero de forma cadrada. Na man esquerda leva unha cinta de cor verde que lle deu súa curmá.


As súas pernas son como as súas mans, pequenas, aínda que leva un pantalón curto de cor laranxa. Na parte superior do pantalón da súa perna esquerda ten debuxados uns pequenos círculos de cor azul.


Nos pés ten unhas sandalias na que se lles ve os pequenos dedos ao aire (aínda que estes están abrigados cuns calcetíns). No seu ombro esquerdo leva colgado un bolso moi grande e rechamante, xa que non lle gusta pasar desapercibida. Que non se nos esqueza o máis importante! Martina leva un gorro moi grande na cabeza xa que o seu destino é un lugar no que quenta moito o sol!



Cuarto de Primaria

4º PRIMARIA












Quinto de Primaria




ESTE ANO TIVEMOS MALA SORTE! O MUNDO PAROUSE. UNHA PANDEMIA VÍRICA ASULAGOU AS NOSAS VIDAS E TIVEMOS QUE CONFINARNOS NAS NOSAS CASAS. PERO NON NOS QUEDOU OUTRA QUE SEGUIR MIRANDO CARA ADIANTE E BUSCAR A MANEIRA DE NON ABURRIRSE FACENDO OUTRAS COUSAS INUSUAIS POR ESTAS DATAS.



ESTE CONFINAMIENTO PASEINO MONTANDO EN BICICLETA POLOS CAMIÑOS DA MIÑA ALDEA.

NESTA CORENTENA NON ME ABURRÍN,
PORQUE COS MEUS CANS SAÍN.





NESTA CORENTENA APRENDÍN OS
CUIDADOS DO MEU NOVO CAN E A
ADESTRALO. CHÁMASE "PIPO"

ESTE CONFINAMENTO
PASEINO SOBRE RODAS



ESTA CORENTENA ADIQUEIME A FACER
RECEITAS NOVAS DE COCIÑA QUE VIMOS
NIÑA NAI E EU NA INTERNET.



Sexto de Primaria

AS NOSAS ANÉCDOTAS

“Esto pasoume cando iba no meu segundo ano de infantil. Resulta que en xuño, tras un bonito e divertido día de excursión no Aquapark, a hora de marchar confundínme de autobús, eu era pequena, os autobuses eran iguais, como iba saber a cal subir, e entón vin a Pepe e decidín seguilo, pensando que iba ir no noso autobús; subín e ninguén se dou conta ata que alguén recibiu o mensaxe do outro bus que dicía que faltaba eu.



Daquela decidiron facer reconto e viron que sobrava unha cabeza, os autobuses pararon e eu preguntei que pasaba, que porque pararan e dixéronme que me tiña que cambiar de bus porque me equivocara. O viaxe de volta paseino pensando que foran os demais quen se confundiran, xa que eu seguira a Pepe, que no traxecto de ida fora no noso autobús. “

“Cando empezamos o cole o primeiro día que houbo ximnasia non queríamos ir o final eu e antia quedamos na clase e o resto foron a ximnasia, o día seguinte que nos tocaba ximnasia antes de ir, a Marina que era coa profesora que estabamos ocorreuselle a idea de contarnos un conto, fomos todos a biblioteca e contounos o conto de caperuzita roja e apareciu pepe vestido de caperucita e apartir de ese día todos fomos a educación física”



“Cando empezei non quería entrar e agora que estou o final desexaría volver a empezar para non ter que marchar.”

“A miña anécdota foi a actuación na obra Os tres cirurxáns en terceiro de primaria. Gustoume porque era a primeira vez que falaba tanto con público e foi moi graciosa”



“O meu paso polo cole foi moi especial porque somos poucos nenos e coñecémonos todos. Tamén as competicións de xadrez e xoves olímpicos, os partidos contra os profes de fútbol e baloncesto”



“Un día estabamos os da miña clase xogando e empezou a chover.Fomos a un sitio cuberto e empezou a chover máis, entón pasamonos o recreo alí. Foi moi gracioso”

“Cheguei con dous anos e aquí estou con once anos. Vivín moitos momentos gratos cos meus compañeiros.”



“Un día moi especial para mín foi un día de inverno, que nevara e granizara e o profesorado deixounos xogar ca neve xa que non chegaran todos os nenos. Aquel día paseino de marabilla, todos xuntos, tantas risas...”

“Hai nove anos que empecei neste centro. Teño moitos recordos bos e algún que outro malo. Encantoume vir a este colexio porque non é moi grande, tiña ao carón da casa e eramos unha pequena familia. Sempre recordarei a todos os compañeiros e todos os profesores.”



“Un día no colexio houbo unha voda e a xente non me deixaba ver”

Gustoume estar no colexio porque fixen moitos amigos “

“Un día que viñeron os bombeiros para facer un simulacro, dixéronlle a unha nena que quedara no baño para despois simular o rescate. Pero ao final cando saímos todos fóra do centro para a beirarrúa, os profesores estaban contando os seus alumnos para ver se estaban todos e foi entón cando Agustín estaba contando os seus alumnos da súa clase deuse conta de que faltaba Darío e os bombeiros tiveron que búscalo. Estaba atrapado no baño do ximnasioe rescatárono e continuamos co simulacro.”



“Estos anos no colexio pasáronme moi rápido. Teño moi bos recordos cos xoves olímpicos , o xadrez, os partidos de fútbol e baloncesto cos profes.

Tamén me gustou facer pan, xogar ao tenis e ao bádminton, aprender a tocar o xilófono...Tiven unha experiencia boísima e moitas cousas aprendidas. Oxalá houbera máis cursos neste colexio para continuar aquí e tamén , o máis importante, estar cos meus compañeiros. Dado que non imos para o mesmo instituto:

I will miss the whole class together!



“O meu paso polo colexio tivo cousas boas e non tan boas. O comezo sempre é duro, hai que adaptarse a novos nenos, aos profesores, as normas do colexio. Pero pouco a pouco, todo se volve unha rutina que cando non estás alí bótalo de menos.

O paso a 1º primaria tamén foi un cambio duro, ao primeiro pois había que traballar máis ca xogar, pero pouco a pouco sentínme moito máis cómodo pois a profe Lucía ensinábanos moi ben.

Outro cambio foi 3º cando tivemos que estrenar as libretas... ¡Qué nervios! ¡Qué medo a equivocarme! Pasamos de usar só o lápiz ao boli BIC. Pero Francisco tivo moita paciencia e conseguiu relaxarnos.

Logo chegou 5º coa profe Mariña, esixíanos moito tendo que levar a materia ao día pero o triste veu no verán cando nos dixo que tiña que marchar do colexio. Todos nos puxemos tristes pois queríamola moito.

Chegou setembro e comezou 6º, o último curso, éramos os maiores do cole. Tocounos a profe Silvia que xa coñecíamos de plástica e Rafa que nunca nos dera clase.

O peor veu en marzo cando apareceu o coronavirus e tivemos que continuar o curso a distancia. Algo estraño para nos e os profes. Pero os profes fixérono xenial.

Rematamos primaria de xeito atípico pero quedará como anécdota das nosas vidas.”

Aula de Religión



PELICULAS QUE NOS ENCANTARON



SIEMPRE A TU LADO

GUSTOUME MOITO ESTA PELÍCULA PORQUE É MOI EMOCIONANTE.

AMÓSANOS O AMOR E FIDELIDADE QUE PRESENTA O CAN, HACHIKO, CO SEU DONO DESPOIS DE QUE ESTE MORRESE. O CAN SEGUIUONO ESPERANDO COMO SEMPRE NA ESTACIÓN, POIS NON SABÍA QUE ESTE MORRERA. AOS COMERCIANTES E A OUTRAS PERSOAS DOULLES TANTA PENA QUE O COIDARON.

ESTA PELÍCULA ENSINOUME QUE OS ANIMAI TAMÉN TEÑEN SENTIMENTOS. E A LEALDADE, AMOR E AMIZADE SON INFINITOS.

BRAIS LÓPEZ DUBRA – 6º PRIMARIA

LA GRAN AVENTURA DE WINTER EL DELFÍN

LA PELÍCULA QUE MÁ S ME GUSTÓ FUE “WINTER”. ME GUSTÓ MUCHO PORQUE ME ENCANTAN LOS ANIMALES Y ADEMÁS ESTA ES MUY BONITA. TAMBIÉN ME GUSTA PORQUE EL DELFÍN WINTER TIENE MUCHA CONFIANZA EN LAS PERSONAS QUE LE CUIDAN. A MÍ LO QUE ME ENSEÑÓ ESTA PELI ES QUE NO HAY QUE RENDIRSE Y HAY QUE SEGUIR ADELANTE.

LEO ABOY JUNCAL – 5º PRIMARIA



LA GRAN AVENTURA DE WINTER EL DELFÍN

AUNQUE ES UN POCO DIFÍCIL SOLO ESCOGER UNA PELÍCULA, PUESTO QUE ME GUSTARON TODAS, SI TENGO QUE QUEDARME CON UNA SERÍA WINTER EL DELFÍN. ESTA PELÍCULA REALMENTE ME ENCANTÓ PORQUE CUENTA UNA GRAN HISTORIA. AL PRINCIPIO ES UN POCO TRISTE VER COMO EL POBRE DELFÍN ESTÁ HERIDO Y SE QUEDA SIN UNA ALETA.

LA PELÍCULA ME ENSEÑÓ QUE NUNCA HAY QUE RENDIRSE, YA QUE TODO SE PUDE CONSEGUIR SI TRABAJAMOS JUNTOS PARA ALCANZAR NUESTROS SUEÑOS.

EN ESTE CASO ESO SE APLICA AL DELFÍN, PORQUE AUNQUE ESTABA HERIDO Y SIN UNA ALETA PARA NADAR BIEN, AL FINAL CONSIGUIERON QUE CON UN IMPLANTE PUDIERA RECUPERAR SU VIDA NORMAL.

DARÍO GARCÍA REGUEIRO – 5º PRIMARIA


LA GRAN AVEN-
TURA DE WINTER
EL DELFÍN



LA PELÍCULA ME ENCANTÓ PORQUE LAS QUE TIENEN QUE VER CON ANIMALES (EN ESPECIAL LOS MARINOS) SON MIS FAVORITAS. SOBRE TODO ME GUSTÓ QUE AUNQUE WINTER PERDIÓ LA COLA SAWYER Y HAZEL NUNCA SE RINDIERON Y AYUDARON A WINTER A CONSEGUIR LA PRÓTESIS.

APRENDÍ QUE AUNQUE ALGO NO TE SALE BIEN NO PUEDES RENDIRTE, HAY QUE LUCHAR HASTA EL FINAL.

IRIA DUBRA ABELENDIA – 5º PRIMARIA



LA GRAN AVENTURA DE WINTER EL DELFÍN

ENSINOUME A COMPRENDER QUE AOS ANIMAIS SE LLE DAS CARIÑO E OS COIDAS BEN SON COMO UN HUMANO.

O QUE ME LEVOU A ESCOLLER ESTÁ PELÍCULA FOI QUE ME INSPIROU MOITO A COIDAR DOS ANIMAIS E LEVOUME A ACOLLER UN ANIMALIÑO.

ANTÍA FRAGA PALLAS – 6º PRIMARIA



LA GRAN AVENTURA
DE WINTER

ME ENSEÑÓ QUE AUNQUE LAS COSAS SALGAN MAL NO HAY QUE RENDIRSE.

JOSÉ ANTONIO BERMÚDEZ CERQUEIRO – 5º PRIMARIA



LA GRAN AVENTURA DE WINTER EL DELFÍN

GUSTOUME PORQUE GÚSTANME MOITO OS DELFÍNS E TAMÉN SABER QUE OS PODES RESCATAR

OLIVIA LAMAS LÓPEZ – 5º PRIMARIA

Actividades Culturais

OUTRAS ACTIVIDADES

Non deixamos de ir ao invernadoiro a plantar.



Tamén tivemos por sorpresa o simulacro de evacuación...



E a visita de papá Noel.



Participamos nun obradoiro de cociña.



E asistimos a unha charla sobre lingua de signos.



PROGRAMA ATRÉVETE:

Visita Mercamás e Auris



Actividades de Biblioteca

SILVIÑA NA BIBLIOSILVA



Empezamos o **curso 2019/2020** con moita alegría, pero non o puidemos acabar todos xuntos no colexio, por mor dun virus que chegou de moi lonxe e que fixo que tiverades que quedar na casa sen poder vir o colexio, e sen poder estar comigo na biblioteca. Coa de **libros** fantásticos e **xogos** que mercamos para a **Bibliosilva**, e case non os disfrutamos. Pero non vos preocupedes que no vindeiro curso van seguir a disposición de todos.



O **proyecto**, moi saudable e artístico para traballar ao longo de todo o curso foi **alimentArte**. E ao redor del fixemos unha morea de actividades:



O mes e o día das bibliotecas escolares celebrámolo ao grande: concurso de marca páxinas, dúas sesións de contacontos, bolsas coa miña foto para que os alumnos de infantil puideran levar os libros de préstamo para a casa, mochilas viaxeiras, decoración das portas das aulas coa temática de alimentArte...



Varias familias participaron na actividade **AS FAMILIAS CONTAN MOITO**. Como en marzo xa pechou o colexio; algunhas familias interesadas non puideron vir a contar contos para nos. Brais e Nerea participaron dende a casa coa axuda da súa familia, con un vídeo de chistes ben divertidos, dos que podeses volver a desfrutar cando queirades no blog da biblioteca.



Febreiro é un mes moi curto. Pero a nos dounos para facer de todo: postais de amizade, lecturas apadriñadas, concerto de Xabi Longueirón...



Para agasallar o **8 de marzo** ás mulleres traballadoras, elaboramos un fantástico vídeo sobre mulleres que fixeron cousas importantes pola sociedade.

E de súpeto todo cambiou, como xa vos dixen antes. As autoridades decretaron que tiñades que quedar todos confinados na casa. E aquí me quedei, soíña na Bibliosilva. Todo en silencio, sen o voso balbordo e a vosa alegría. Vótovos de menos decote. Menos mal que os membros do equipo da biblioteca se esforzaron en encher o blog de contos e de música. E tamén de propostas para que todos puiderades participar dende as vosas casas.

Fixestes **aportacións poéticas** para agasallar á **POESÍA**, concursastes no fantástico **concurso de retos** no mes de **abril** coincidindo co **DÍA DO LIBRO**, decorastes **fermosas palabras** para celebrar o mes das **LETRAS GALEGAS**. Faltaron moitas cousas que íamos facer, pero o vindeiro curso **2020/2021** poñerémonos de novo mans á obra.

E agora toca agradecer á **PRIMEIRA PROMOCIÓN DE AXUDANTES DA BIBLIOTECA** todo o traballo feito ao longo dos **dous últimos cursos**. Xa son maiores e déixannos para ir a outros colexios. Pero sabemos que nunca se esquecerán de nós e seguirán lendo libros para soñar, desfrutar, entender, saber, imaxinar, rir, pasalo ben, explorar, medrar...



Actividades Deportivas



Xoves Olímpicos



Unha vez máis repetimos a experiencia dos Xoves Olímpicos (enmarcados dentro do Plan Proxecta), xa que ademais de divertidos, consideramos que é unha actividade da que podemos sacar moitísimos beneficios.

Durante todos os xoves do curso e de 1º a 6º, realizamos uns xogos por equipos de tal xeito que cada equipo contiña, aló menos, un rapaz/a de cada curso máis un mestre/a ou conserxe. O sistema de competición foi de LIGA (todos contra todos).


Jueves Olímpicos 2019/20 - 2º Trimestre-

SUECIA	DINAMARCA	JAPÓN	MACEDONIA	RUSIA	TANZANIA	AUSTRALIA	FRANCIA
MARTÍN 6º	BRAIS 6º	CARLA 6º	YAGO 6º	ALBA 6º	CELIA 6º	ANTÍA 6º	ROMEO 6º
NOA 4º	LEO 5º	IRIA 5º	OLIVIA 5º	DARÍO 5º	AARÓN 5º	J.ANTONIO 5º	SHEILA 5º
MIREIA 4º	AINHOA 4º	CELIA 4º	MANUEL 4º	L.THULE 4º	HÉCTOR 4º	ANA 4º	HELENA 4º
NICOLÁS 4º	SAÚL 4º	MAURO 4º	DANIELA 3º	ADRIÁN 4º	TEO 4º	ANTÍA 4º	LUCÍA G. 4º
BRAIS 4º	XAVI 2º	ALEJANDRO 4º	ANTÍA 3º	ANDREA 3º	HÉCTOR 3º	SIMÓN 3º	SIMÓN 2º
ROI 2º	GAËL 2º	NOA 2º	GABRIELA 2º	DARÍO 2º	ROMEO 2º	DAYAN 2º	GONZALO 2º
SERGIO 1º	LEO 1º	LARA 1º	MANUEL B. 1º	PATRICIA 2º	AITANA 1º	SAMUEL 1º	MARTA 1º
ADÓN 1º	MIGUEL 1º	ALICIA 1º	ALEX 1º	NOA C. 1º	TIAGO 1º	NEREA 1º	MANUEL R. 1º
NOA G. 1º	DANIELA 1º						
JOLYN	PATRI 1º	MONSE	LUCIA	SUUSO	ALBERTO	PATRICIA PT	AGUSTÍN
PEPE E.F.	CRISTINA PT	ANA	TERESA	NIEVES	RAFA	FRANFRISCO	SILVIA

A continuación, deixámosvos o resultado do 2º Trimestre. Tede en conta que este ano tivemos que cancelar os xogos por mor do Coronavirus:

Final		Clasificación		PUNTOS
		Países		A FAVOR
45	1º	TANZANIA		1.130
40	2º	MACEDONIA		1.151
39	3º	FRANCIA		928
30	4º	SUECIA		782
28	5º	RUSIA		701
27	6º	DINAMARCA		897
26	7º	JAPÓN		828
24	8º	AUSTRALIA		933





**Equipo
de Dinamización
da Lingua Galega**

LETRAS CALEÇAS